



Expediente:2022/SUBDIREC/000007

Resolución pola que se aproba a concesión de subvención directa á Asociación de Familiares e amigos de enfermos psíquicos "Alba" e o seu convenio regulador

Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 30 de outubro do 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra acordou proceder á formalización dun convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de Familiares e Amigos de Enfermos Psíquicos Alba para o desenvolvemento dun programa de aloxamento alternativo para persoas con enfermidade mental e con vixencia 1 de xaneiro do 2018.

Dito convenio tiña unha vixencia de dous (2) anos, podendo prorrogarse por un período de dous (2) anos máis, acadando un máximo de catro (4) anos, e mediante o correspondente acto formal.

Segundo. En data 31 de decembro do 2021, dito Convenio expirou a súa vixencia.

Terceiro. Nas reunións mantidas entre a representante legal da Asociación, dona Carmen Blanco González, co concelleiro delegado da Área de Benestar Social, manifestan a súa vontade de achegar a documentación coa que levar a cabo un novo convenio para o ano 2022, achegando dita documentación o día 18 de xaneiro do 2022.

Cuarto. En data 12 de abril do 2022, o Concelleiro delegado da área de de Benestar Social propón que se incoe o procedemento administrativo para levar a cabo a un novo Convenio para o ano 2022.

En data 3 de maio do 2022, por parte do Servizo de Benestar Social elabórase unha memoria xustificativa para poder levar a cabo a formalización do Convenio proposto

Quinto. Remitido o expediente a Asesoría Xurídica e posteriormente a Intervención Xeral Municipal para a súa fiscalización previa, esta formula un reparo que suspende a tramitación do expediente debido a que a asociación beneficiaria non acreditara non atoparse incurso en ningunha das circunstancias establecidas no art. 13.2 da LXS. Esta deficiencia eméndase como xa se fixo constar na Dilixencia con CSV O8CGB85MT3UL7S0V , achegándose ao expedinte a correspondente declaración responsable.

Así mesmo fórmulanse unha serie de observacións que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta. Por parte do Servizo de Benestar procedese a ter en conta as observacións formuladas, o que tamén se puxo de manifesto na mencionada dilixencia.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, sinala que:

“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal”

así como o disposto no artigo 25.2.e) da mesma norma o Concello exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas entre outras a de:

“Avaliación e información de situacións de necesidade social e atencións a persoas en situación de





risco ou exclusión social”.

Por outro lado no artigo 27 da mesma norma sinala que:

“O estado e as Comunidade Autónomas, no exercicio das súas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias.

A delegación haberá de mellorar a eficiencia na xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

Entre as competencias que poderán delegarse nos concellos atópase a de:

“c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.”

Segundo.- De acordo co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas de entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, os concellos galegos continuarán prestando as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais mentres por parte da Administración autonómica galega non conte cun sistema de financiamento que garanta a prestación desas competencias.

Terceiro.- O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia sinala como competencias dos concellos galegos, entre outras, a de:

k) A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.

Cuarto.- O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia sinala entre as competencias dos concellos, entre outras, as de:

“c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.

h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

2. Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.”

Quinto.- O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Pontevedra lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

Sexto.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, regula nos artigos 47 a 53 os aspectos xurídicos do convenios sinalando entre outros a definición e tipo de convenios, os requisitos de validez e eficacia, o contido, trámites preceptivos para a subscrición e efectos, extinción e efectos da resolución dos mesmos, e coa seguinte definición:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.





Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

Por outro lado sinálase que: “Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.”

En canto aos tipos prevese a posibilidade, entre outros a de:

“c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”

En canto ao prazo de vixencia, o artigo 49.h) sinala que:

“Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se teña previsto un prazo superior. En calquera momento antes do remate do convenio, poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.”

Sétimo.- O artigo 6.2) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala que:

“Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais.”

Oitavo.- O artigo 22.2) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula que:

“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”





Asemade, no seu artigo 28, ao regular o procedemento de concesión directa das subvencións, sinala que:

“Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvenciones previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.”

Noveno.- O artigo 65.3) do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que:

“O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.”

Décimo.- O artigo título III da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro do 2004, BOP núm. 190 do 30 de setembro do 2004), regula o procedemento de concesión directa das subvencións nominativas.

Por outro lado o artigo 39 sinala que:

“Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa.”

Décimo Primeiro.- O artigo 7.3) da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, sinala que:

“As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten a gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

Décimo Segundo.- En canto á competencia para a concesión de forma directa dunha subvención con previsión nominativa no orzamento atribúese á Alcaldía, conforme dispoñen os artigos 36.3 da Ordenanza





Xeral de Subvencións e Bases de execución do orzamento, podéndose tamén invocar o artigo 124.1.a) e ñ) LBRL; prestarase aprobación por decreto, do que logo devirá a sinatura do convenio.

Por outro lado, e tendo en conta o artigo 124.4.ñ) da Lei de bases do réxime local, o artigo 13 do Regulamento orgánico municipal do goberno e da administración do concello de Pontevedra, corresponde ao Alcalde, a formalización do mesmo, dado a súa competencia de representar ao Concello de Pontevedra.

Conforme dispoñen os artigos 124.4.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 21.1.c) do regulamento orgánico do goberno e da administración, aprobado polo Pleno da Corporación o 21/10/2005, corresponde á Alcaldía a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia e a ordenación dos pagamentos, competencia que foi delegada no concelleiro da área de Economía e Facenda por decreto de Alcaldía do 15/06/2019 modificado polo decreto do 24/06/2019.

Atendendo ao exposto, e tendo en conta a Providencia do Concelleiro de Benestar Social, os informes da xefatura do servizo, da Asesoría Xurídica do Concello, do OXOC e da Intervención Xeral Municipal, esta concellaría no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa, prevista nominativamente nos orzamentos municipais, á Asociación de Familiares e Amigos de Enfermos Psíquicos Alba con NIF G36287787 para o desenvolvemento dun programa de aloxamento alternativo para persoas con enfermidade mental para o ano 2022 cunha achega municipal de 17.000,00 €.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto relativo ao convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de Familiares e Amigos de Enfermos Psíquicos Alba, con cargo á aplicación orzamentaria 12-2310-48900.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio polo que se regula a subvención, que se atopa no documento co CSV: U3JFC4LW9X1V1ZAQ.

Así se dispón e ordena polo Concelleiro de Economía e Facenda, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal da fe.

